

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**12176** *ORDE APA/2261/2005, do 13 de xullo, pola que se prorroga o prazo para a presentación da comunicación e xustificación de datos necesarios para efectos da aplicación do réxime de pagamento único no marco da política agrícola común. («BOE» 168, do 15-7-2005.)*

A Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único establece, para os efectos do previsto nos números 3 e 4 do seu artigo 11, que antes do 15 de xullo de 2005 os agricultores deberán presentar, ante as respectivas comunidades autónomas, as comunicacións dos datos e documentación correspondente á súa situación.

As dificultades da posta en marcha propias do novo sistema, xunto co elevado número de cambio de situacións que se produciron desde o inicio do período de

referencia até o día de hoxe, fan necesario modificar esta data.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

*Artigo único. Prórroga do prazo para a presentación de datos e documentación.*

Para efectos do disposto nos números 3 e 4 do artigo 11 da Orde/APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único, a data límite para presentar as comunicacións e os documentos previstos nela ante os órganos competentes das comunidades autónomas será o día 15 de agosto de 2005.

*Disposición derradeira única. Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 xullo de 2005.

ESPINOSA MANGANA